

GALICIA > 15

Feijóo defiende pactos del PP con otras fuerzas si no hay mayoría



MUNDO > 18

Talabani, dispuesto al diálogo si los insurgentes dejan las armas en Irak



ECONOMÍA > 19

Noruega apresó ayer un segundo buque español

El Racing salva ante el Castellón un punto en el último minuto

OCASIONES El equipo ferrolano apenas fue capaz de crear peligro ante la portería rival

ARBITRAJE El colegiado murciano Martínez Franco echó a dos futbolistas del cuadro verde

El Racing no pasó del empate ante el que hasta ayer era colista de la categoría, el Castellón, y sigue en los puestos de descenso. El equipo ferrolano, que en ningún momento fue capaz de crear oca-

siones para marcar, tuvo que esperar hasta el tiempo de prolongación para, con un autogol de Marcos, igualar el tanto que había anotado Ordóñez, de penalti, para el Castellón. > 21-24

O Val perdió en Portonovo y vuelve a ser el colista de Tercera

El Portonovo goleó a O Val por 3-0 y vuelve a ocupar la última posición de la tabla clasificatoria de Tercera División. El equipo valedense desperdició las ocasiones de gol que tuvo y se mostró algo débil en defensa. > 29

SUMARIO

CIUDAD

El Club Cultural Valle-Inclán de Lugo homenajeó a Fontenla Leal

Una treintena de lucenses visitaron ayer la ciudad para reconocer al impulsor del Himno Gallego. > 03



Crea la afición por los clásicos



Diario de Ferrol publica hoy su habitual suplemento dedicado al mundo del motor.



Los cuatro activistas abandonan el balcón después de pintar de rosa la fachada y arrancar una placa

CARLOS CARBALLERA

Nós atenta contra la casa natal de Franco

Cuatro activistas de la organización independentista Nós Unidade Popular fueron detenidos ayer en Ferrol, y posteriormente puestos en libertad con cargos, tras arrancar una placa de la fachada de la casa natal del general Fran-

cisco Franco y rociar de pintura rosa el muro y una estructura de bronce que recuerda las campañas africanas de los hermanos Franco. Los representantes de la fundación que lleva el nombre del dictador presentaron denuncia. La

acción fue seguida por miembros de la policía, sin que se registrasen incidentes destacados, salvo algún cruce de descalificaciones entre los escasos veinte manifestantes de Nós y algún transeúnte. > 02

¡OFORDTUNIDADES ÚNICAS!

Tu "nuevo coche" desde 151,02 €/mes*

LA MEJOR SELECCIÓN EN KM 0 Y SEMINUEVOS
KA · FIESTA · FOCUS · CITROËN C-5...
- Unidades Limitadas -

FORDOCASIÓN
Como nuevos pero más baratos

Garaje Castelos

Ctra. de Castilla, 340 - Tel: 981 37 10 00 - FERROL
¡Un nuevo concepto de servicio!

*Ejemplo para Ford KA seminuevo a través de MULTIOPCIÓN
Entrada: 2.490 €, 24 cuotas de 151,02 € + V.F.M.G. 2.998,12 €
Comisión de apertura: 2,3%



FERROL > 06

Medio centenar de personas participaron en una marcha de protesta contra la urbanización de Menáncara



EDUCACIÓN > 07

Profesores y padres del Concepción Arenal colaboran en un proyecto para recopilar sus casi 80 años de historia

HOMENAXE

A viaxe incluiu un percorrido pola cidade e rematou coa proxección do documental "O Himno Galego", do profesor Carlos Oro. Esta película describe as orixes da composición que impulsou Fontenla desde A Habana e afonda en aspectos descoñecidos da biografía de Pascual Veiga.

Unha trintena de lucenses renderon tributo a José Fontenla Leal

Varios membros da asociación Valle-Inclán realizaron unha ofrenda floral en Esteiro

REDACCIÓN > FERROL

■ Unha trintena de membros do clube cultural Valle-Inclán, un dos máis antigos de Lugo, acudiu onte a Ferrol para rendir homenaxe a José Fontenla Leal, o home que impulsou definitivamente o Himno Galego desde a emigración na Habana. A actividade inclúese dentro do amplo programa que desenvolve esta asociación e continúa as iniciativas en torno á composición creada por Eduardo Pondal e Pascual Veiga, que lle puxeron letra e música respectivamente. Os visitantes percorreron os monumentos máis importantes da cidade, realizaron unha ofrenda floral no busto dedicado a Fontenla en Esteiro e concluíron a súa estancia en Ferrol no Ateneo, onde se proxectou o documental "O Himno Galego", de Carlos Oro.

A homenaxe a Fontenla é a continuación doutras actividades que comezaron en Lugo tamén coa proxección da película de Oro e seguiron en Mondoñedo —onde naceu e está enterrado Pascual Veiga—. Os membros da asociación cultural Valle-Inclán quixeron completar esta programación coa viaxe a Ferrol. Pola mañá, acompañados por persoal do Concello, visitaron o Museo Naval, o monumento en homenaxe a Fon-

■ A HISTORIA

CONCIENCIA

O nacemento da Real Academia Galega

■ O ferrolán José Fontenla Leal naceu en 1865 e emigrou de neno a Cuba. Alí tomou conciencia dos valores diferenciais galegos e desenvolveu unha intensa actividade no eido cultural. A el se lle debe, entre outras cousas, o ter convencido a Curros para crear unha sociedade precursora da Real Academia Galega.

DOCUMENTAL

O descubrimento do manuscrito orixinal

■ O realizador Carlos Oro, na actualidade profesor na Escola de Imaxe e Son da Coruña, traballou dous anos no documental "O Himno Galego", seguindo principalmente o rastro de Pascual Veiga, do que a penas existía información. Unha das sorpresas da súa viaxe foi a de atopar, en Arxentina, a partitura orixinal do Himno.



Imaxe da comitiva que visitou a cidade

CARLOS CARBALLERA

ESTREA

O Himno Galego oiuse por primeira vez no Centro Gallego da Habana o 20 de decembro de 1907

tenla e o castelo de San Felipe. Logo de xantar no mesón "O Escudo", casa natal de Torrente Ballester, percorreron o barrio da Magdalena e, axudados dunha abon-

dosa documentación que prepararon antes da viaxe, prestaron especial atención ás construcións modernistas.

Cine > O clube Valle-Inclán de Lugo cumprirá corenta anos de existencia en febreiro. Durante anos funcionou como cineclube, proxectando películas que non se vían nas salas comerciais. Logo de anos de menor actividade, hai unha década que rexurdiu cunha intensa programación cultural.

breves

O concelleiro Méndez Romeu reúne co alcalde e co vicerreitor

■ O concelleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luis Méndez Romeu, visita hoxe a cidade nunha xornada na que tamén se desprazará ás Pontes para coñecer as instalacións do Parque Comarcal de Bombeiros. A actividade do concelleiro en Ferrol comezará ás 12.30 horas cunha reunión co alcalde Juan Juncal no Concello. Posteriormente manterá un encontro co vicerreitor do campus de Ferrol e de Relación Universidade-Empresa, Luis Barral. Logo da visita ás Pontes regresará a Ferrol para participar, ás 17.00 horas, no curso de pensamento Carlos Gurméndez que se celebra no salón de actos do vicerreitorado. A súa conferencia titúlase "A Constitución, os estatutos e a reforma".

Un ferido leve nun accidente na autovía As Pontes-Ferrol

■ O ferrolán D.C.F., de 85 anos, resultou ferido leve nun accidente de tráfico que se produciu onte ó redor das cinco da tarde na autovía As Pontes-Ferrol, á altura da saída cara a Narahío. O vehículo, un Renault Express C-1817-AK, volcou despois de saír da vía nunha curva. No interior ían tres ocupantes. Ata o lugar do sinistro desprazáronse dous vehículos do Parque de Bombeiros das Pontes, xa que nun primeiro momento informouse de que os viaxeiros estaban atrapados. Ata alí tamén foron a Garda Civil de Tráfico e persoal do 061, que trasladou ó ferido ó hospital Arquitecto Marcide.

Fene explica as súas necesidades escolares ó delegado de Ensino

■ O concelleiro de Educación de Fene, Xosé Anxo González Tomé, reuniuse recentemente co delegado provincial de Ensino, o ferrolán Pedro Armas, para expoñerlle as necesidades das instalacións escolares da localidade. As obras máis apremiantes foron recollidas nunha memoria relativa ó mantemento destas infraestruturas que se elaborou no verán, parte da cal se lle explicou ó delegado. Segundo informa o goberno local fenés, Pedro Armas mostrouse moi receptivo ás peticións fenesas e é idea de asinar un convenio que especifique os prazos nos que se levarían a cabo estas actuacións. Ademais, visitará o concello nos vindeiros días.

ASBESTOSIS

Agavida confía en que Xunta y Gobierno tomen medidas a favor del colectivo este año

REDACCIÓN > FERROL

■ La Asociación Galega de Víctimas do Amianto (Agavida) informou a sus socios del avance de las gestiones con el Gobierno Central y la Xunta para que tomen medidas que favorezcan al colectivo.

Su portavoz, Ramón Tojeiro, explicó que se prevé que el gobierno autonómico aumente la Unidad de Asbestos del Marcide y que desde Madrid se aprueben normativas antes de final de año. De lo contrario, anuncian protestas.



Miembros de Agavida en la asamblea general informativa

CARLOS CARBALLERA